

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27013703	CEIP de Quiroga	Quiroga	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Proxecto competencial	6º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	8
7.2. Actividades complementarias	9
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	9
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	10
9. Outros apartados	10

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 6º curso de Educación Primaria, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 155/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Referencias legais:

- Decreto 155/2022, de 15 de setembro, polo que se establece a ordeación e o currículo da educación primaria da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde de avaliación do 25 de xaneiro de 2022.
- Orde de atención á diversidade, do 8 de setembro de 2021, que desenvolve o Decreto 229/2011.
- Orde de 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o decreto 155/2022.

Estamos nun concello de tamaño pequeno con relación á poboación, e con moita dispersión. A actividade económica desta poboación basease en pequenas empresas de distintos sectores e na actividade agraria con diversas explotacións hortícolas, destacando o sector de cultivo de oliveiras (aceite), así como o vitivinícola. Tamén hai no municipio empresas de extracción de lousa. Nos últimos anos está adquirindo gran importancia o sector turístico debido ao privilexiado enclave do noso concello xa que forma parte da Ribeira Sacra e do Xeparque Montañas do Courel.

O Concello conta con numerosos servizos públicos como a Casa do Concello, o Centro de Saúde, a Policía Local, a Casa da Cultura, o Auditorio Municipal, escola infantil, IES ... así como diferentes lugares para o lecer como o paseo fluvial, parques, campo de fútbol e pistas multideporte. Hai que destacar a existencia de dous museos importantes: o Etnográfico e o Xeolóxico.

Esta programación desenvolverase nun centro no que hai matriculados 148 alumnos e alumnas e que conta cunha unidade para cada nivel de Primaria, agás 2º de EP que ten dúas. A ratio está actualmente en 16,5 alumnos/as por nivel e a porcentaxe de alumnado vulnerable é de 20 % aproximadamente.

O colexio, que ten horario de xornada única, (agás os luns con xornada partida), dispón de comedor e servizo de transporte escolar. Así mesmo, contamos con Seccións Bilingües en 1º, 2º, 3º e 4º de primaria na área de Educación Plástica e Visual. Temos adxudicado un auxiliar de conversa. Cóntase tamén con outros recursos, como unha biblioteca incluída en PLAMBE, que é ademais espazo multiusos para obradoiros, actividades culturais. Participamos noutros programas como E-DIXGAL, INCLÚE, Plan Proxecta e PROA +.

Os ultraportátiles serán as ferramentas comúns de traballo do alumnado, nun contorno de aula virtual configurada con elementos aportados por recursos da plataforma e tamén de elaboración por parte do equipo de mestres/as do nivel. Serán complementados con cadernos de traballo e fondo de libros de consulta de aula.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívoose como referencia un currículo que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias clave e o traballo de elementos transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado.

O grupo seleccionado de 5º EP, está composto por 15 alumnos e alumnas dos que 7 están matriculados nesta área.

O proxecto escollido é : A vida na Idade Media

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Concretar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran.	1-3		5	3	1-3	2	3	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A vida na Idade Media (I)	Punto de partida: Que sabemos da Idade Media? Que necesitamos saber? Como nos organizamos. Buscamos información Buscamos na aldea Entramos nun castelo Asistimos a un torneo	30	15	X		
2	A vida na Idade Media (II)	Investigamos: Acompañamos a un peregrino Investigamos no monasterio. Chegamos á cidade. Visitamos o mercado. Acercámonos á universidade. Construímos unha catedral.	35	10		X	
3	A vida na Idade Media (III)	Presentación do produto final. Que aprendimos Valoración persoal.	35	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A vida na Idade Media (I)	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Recoñece a importancia da Idade Media como unha gran época histórica . Esperta o seu interese por afondar no seu coñecemento.	TI	100
CA1.2 - Valorar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Selecciona recursos e materiais para a realización do proxecto.		
CA1.3 - Identificar e seleccionar a información que se precisa.	Identifica, selecciona e analiza a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar, de xeito guiado, a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporaliza as distintas fases do proxecto.		
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas.	Aporta solucións para as incidencias que se poidan producir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Procura e selección de información relacionada cos proxectos.
- Planificación: secuenciación e temporalización.

UD	Título da UD	Duración
2	A vida na Idade Media (II)	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executa as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos.	Aplica os coñecementos adquiridos		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Emprega recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolvee comunica as incidencias atopadas durante a execución das actuacións.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valora positivamente os resultados acadados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
- Execución de proxectos: dinámicas e roles.

UD	Título da UD	Duración
3	A vida na Idade Media (III)	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presenta o produto final	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Emprega unha linguaxe verbal con corrección e claridade.		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e códigos comunicativos axeitados para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potencia as emocións positivas na exposición e controla a conduta asociada ás emocións negativas.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Emprega recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.
- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: A vida na Idade Media

As actividades propostas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinabilidade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado en grupos de traballo cooperativo, nos cales cada alumna ou alumno adopta un rol concreto e asume tarefas individuais que integrarán o resultado final do proxecto.

- Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, explícase a finalidade do proxecto, farase un plan de traballo, planificando tarefas, tempos, recursos e materiais que se van empregar.
- Na SEGUNDA AVALIACIÓN, os distintos grupos cooperativos recollen información sobre os distintos contidos do proxecto.
- Na TERCEIRA AVALIACIÓN, o alumnado presentará, o seu produto final: un portfolio coas actividades realizadas e unha presentación dixital. O proxecto poderá ser difundido no resto do centro nas últimas semanas de curso.

O traballo realizarase en grupos colaborativos e base da metodoloxía é a investigación.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos dixitais (entornos virtuais de aprendizaxe (EVA), vídeos educativos, libros dixitais)
Material escolar do alumnado
Portfolio
Pizarra dixital Interactiva
Biblioteca de aula
Materiais impresos. Fichas fotocopiáveis

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, agrupados para o traballo cooperativo.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

- En que consistirá?

- A análise dos informes do curso anterior: informes de avaliación; actas de avaliación; informes da persoa titora; informes de escolarización anteriores; outros informes que revistan interese para a vida escolar.

- Como se informará á familia?

- As familias serán informadas de forma global no mes de outubro, durante a reunión colectiva coas familias e de xeito individual a través de entrevistas individuais coas mesmas.

- Cales serán as consecuencias dos resultados?

O proceso de ensinanza e aprendizaxe de alumnos e alumnas diríxese cara o logro dunha serie de obxectivos, o que implica partir dun "estado inicial" (que debe coñecerse) sobre o que se irán operando os cambios producidos polo proceso de ensino-aprendizaxe.

O coñecemento dos niveis, características e necesidades dos alumnos permitirannos tomar unha serie de decisións relativas a:

- planificar e programar as actividades docentes.
- adoptar medidas de atención á diversidade na aula.
- metodoloxías a empregar.

Os resultados da avaliación inicial serán comentados na sesión de avaliación inicial e serán introducidos pola titora na aplicación XADE.

Na sesión de avaliación inicial compartiremos datos e información entre o equipo docente para adoptar, de forma coordinada, as medidas máis oportunas para cada alumna ou cada alumno, así como as relativas ao axuste do desenvolvemento do currículo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	35	35	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Á hora de establecer os criterios de cualificación da materia, debemos ter en conta os instrumentos de avaliación marcados nesta programación, estas son as táboas de indicadores.

Peso dos instrumentos de avaliación nas tres unidades didácticas:

- Unidade 1: 100 % táboa de indicadores
- Unidade 2: 100 % táboa de indicadores
- Unidade 3: 100 % táboa de indicadores

A nota ordinaria en xuño virá dada pola media ponderada das das notas das avaliacións parciais, na seguinte proporción 30%, 30%, 40%, respectivamente.

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumna/o non realice as tarefas asignadas ou non coopere adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar tarefas específicas e pautadas para traballar diferentes aspectos relacionados con este proxecto.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto.

Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

Faranse actividades propias do diseño universal de aprendizaxe.

No caso de alumnado que non poda asistir ao centro durante un tempo determinado e por causa xustificada será atendido por medio da aula virtual moodle do E-dixgal

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Emprendemento	X	X	X
ET.2 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.3 - Educación para a paz	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.4 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade e do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.6 - Educación para un consumo responsable	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- Fomentaranse as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor y a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo/a e o sentido crítico.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Ruta da Encomenda	Percorrer un tramo da ruta da Encomenda entre as igrexas de Hospital e A Ermida	X		
Visita ao castelo de Ponferrada	Percorrido polo castelo de Ponferrada. Construcción medieval que se conserva nun excelente estado		X	
Visita á catedral de Santiago	Visita a catedral como modelo de construcción eclesiástica, que empezou a construírse na Idade Media			X

Observacións:

Cada trimestre haberá unha actividade especial, que consistirá en saída a un lugar externo, así como a participación en varias propostas dende a biblioteca do centro, con repercusión na totalidade do alumnado do centro, e proxección a toda a comunidade educativa. Tamén participaremos en todas as conmemoracións colectivas que realiza o centro: Día da Muller. Día da Paz, Día contra a violencia de xénero, Día das Letras Galegas etc.

As tres saídas teñen que ver co proxecto sobre a Idade Media que traballaremos durante todo o curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico

Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Metodoloxía empregada
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Medidas de atención á diversidade
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Clima de traballo na aula
Participación activa de todo o alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado

Descrición:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. Ao rematar as unidades didácticas farase un seguimento do desenvolvemento da programación na aplicación PROENS, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

O seguimento da programación, modificacións e propostas de mellora faranse constar nas reunións mensuais de ciclo e constarán na correspondente acta.

9. Outros apartados